



Plan de convivencia



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO.....	5
3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO IES VAL MIÑOR.....	7
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	8
5. ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.....	9
5.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	9
Mellora das instalación do centro educativos.....	9
Afondar no modelo de resolución pacífica de conflitos.....	9
Publicidade dos documentos e accións relacionadas coa convivencia.....	10
Eliminación de estereotipos sexistas.....	11
5.2. PROGRAMAS, PERSOAS, ÓRGANOS RESPONSABLES E DESTINATARIOS.....	12
5.3. PROTOCOLOS ESPECÍFICOS.....	13
5.3.1 Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.....	13
5.3.2. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.....	15
5.3.3 Protocolo de alerta escolar.....	16
5.3.4 Protocolo da aula de convivencia inclusiva.....	17
5.3.5 Protocolo ante un comportamento disruptivo na clase.....	17
5.3.6 Protocolo de protección de datos.....	17
5.3.7 Protocolo de absentismo.....	18
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	19
A. Condutas contrarias á normal convivencia no centro.....	20
B. Procedementos Correctores.....	21
7. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN.....	23
7.1. Consello Escolar.....	23
7.2. Asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas e asociacións de alumnos e alumnas.....	23
7.3. Xunta de Delegados/as de Alumnado.....	23
7.4. Delegados/as de Grupo.....	24



8. DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	25
8.1. Dereitos.....	25
8.1.1. Das Familias.....	25
8.1.2. Do Alumnado.....	25
8.1.3. Do profesorado.....	25
8.1.4. Do Persoal non docente.....	26
8.2. Deberes.....	26
8.2.1. Das Familias.....	26
8.2.2. Do Alumnado.....	27
8.2.3. Do Profesorado.....	27
8.2.4. Do Persoal non docente.....	27
9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	29
10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMO DO CONTORNO NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	30
11. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	31
12. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	32



1. INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluirá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A concepción da convivencia ven dada polos seguintes principios: unha tarefa global do centro no que están implicados os diferentes axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos. Un enfoque preventivo onde se deben fomentar a través de programas as diferentes intervencións educativas e habilidades de convivencia. E finalmente o desenvolvemento a través dos plans do centro: as programacións didácticas, o plan de acción tutorial e o plan de atención á diversidade.

O plan segue os postulados legais establecidos na comunidade autónoma de Galicia a través do decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de ensino secundario, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.



2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO

O instituto de ensino secundario Val Miñor entrou en funcionamento no curso 1979/80. Desde ese inicio as instalacións nunca foron renovadas (agás a carpintería metálica) e atopámonos cun centro educativo con aulas pouco espaciaosas, con insalvables barreiras arquitectónicas e con inadecuadas instalacións deportivas.

A oferta educativa do IES comprende o ensino secundario obrigatorio e o postobrigatorio. No bacharelato pódese estudar as modalidades de ciencias sociais, humanidades e ciencias.

O alumnado da ESO procede nun 90% dos dous centros de educación primaria adscritos situados no centro da vila e na parroquia de Camos. Un 80% do alumnado de novo ingreso provén do CEIP Humberto Juanes, un 10% do CEIP da Cruz e un 10% doutros colexios do concello.

O alumnado de bacharelato provén, máis ou menos nun 60% de alumnado do propio centro que estudou a ESO e o outro corenta por cento do alumnado procede de diversos colexios, predominantemente privados concertados e dalgún centro público integrado da mancomunidade.

O desprazamento ao centro educativo por parte dos alumnos e alumnas é na súa meirande parte en autobús.

Os alumnos e alumnas presentan un perfil lingüístico e sociocultural bastante uniforme e empregan o galego nun índice moi baixo nas relacións sociais, feito continuador da liña á que tenden as vilas galegas que rexistran unha maior densidade de poboación. Non existen problemas derivados das diferenzas lingüísticas existentes entre os alumnos e alumnas.

En total, o IES posúe 16 unidades para un número de alumnos e alumnas que oscila arredor dos catrocentos. De xeito xeral, o 65% corresponde á ESO e o 35% ao ensino postobrigatorio.

O número de traballadores do centro está habitualmente entre 45-50 persoas. Neste curso trinta e nove compoñentes do persoal docente (nestes momentos, trinta e un con destino definitivo) e cinco de persoal non docente (dúas conserxes, dúas do persoal da limpeza e unha administrativa).

En xeral, as familias amosan interese polos estudos dos seus fillos e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar. O 79% desexa que o seu fillo ou filla estude unha carreira universitaria e un 8% formación profesional.

Un importante número de pais, nais e titores legais están asociados á ANPA (arredor de 130 familias).

O alumnado, o profesorado, as familias e o persoal de administración e servizos valoran de xeito positivo o clima de convivencia existente no centro educativo.

O IES está situado no concello de Nigrán, pertencente á mancomunidade do Val Miñor. Ten unha poboación de 17.715 habitantes (IGE 2014). A distribución da poboación polo seu nivel de estudos no ano 2001, reflectía que existía máis de un 11% de persoas con estudos superiores, un 8,2 ten estudos de FP e a grande maioría ten estudos de bacharelato elemental ou superior, case un 40%. Por outra banda, hai preto dun 2% da poboación con menos de cinco anos de escolarización.

Con relación ao aspecto económico do municipio Nigrán se constata que a capacidade económica das familias de Nigrán é a máis alta da mancomunidade de Vigo con 14.065 €/habitante.

Por outra banda, segundo os datos estatísticos dos declarantes de IRPF-2013 (datos da axencia tributaria) o nivel de renda de Nigrán está en 26.314 €. Este dato económico sitúa ao municipio de Nigrán no posto 232 do ránking español.



Con relación ao tecido industrial, as actividades predominantes son a metalurxia, a industria madeira, a industria da alimentación. Entre as actividades de servizos con maior grao de desenvolvemento destacan as actividades comerciais, actividades inmobiliarias e negocios de hostalería e restauración. (Datos da cámara de comercio de Vigo).



3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO IES VAL MIÑOR

O punto de partida para o desenvolvemento deste plan é a análise que se fixo dun cuestionario de convivencia que abarcou toda a comunidade educativa no IES VAL MIÑOR no curso 2015/16.

O alumnado, o profesorado, as familias e o persoal de administración e servizos valoran de xeito positivo o clima de convivencia existente no centro educativo. O 27% das rapazas considera que actualmente no centro hai problemas de convivencia por só un 9% dos rapaces.

Eses problemas de convivencia fan referencia a molestar de xeito leve aos compañeiros e profesores, a faltas de puntualidade. Todo os compoñentes do claustro manifestan que non existen problemas de convivencia. Unicamente un 30% do mesmo recoñece problemas de convivencia de xeito puntual. Con relación ás familias, un 13% recoñece problemas de convivencia. O resto dos pais e nais manifesta que non existen problemas de convivencia no centro ao que asiste o seu fillo ou filla.

O persoal non docente declara que non existen problemas de convivencia no instituto.

O alumnado recoñece como un dos puntos débiles do centro o escaso coidado do mesmo por parte de eles mesmos. Manifestan que se danan en moitas ocasións as instalacións e os materiais do edificio. O estudantes do bacharelato sinalan ademais que se tira lixo ao chan dun xeito alarmante.

Un 20% deste alumnado de ensino postobrigatorio recoñece que nunca participou nas actividades propostas polo centro.

As condutas negativas que teñen unha maior frecuencia son: os insultos, dicir mentiras ou falsos rumores sobre alguén, molestar e non deixar dar clase e poñer alcumes. O 25% recibira con certa frecuencia ameazas ou insultos.

Con relación ao xeito de responder a estes comportamentos: o 57% do alumnado de secundaria cría que os conflitos no centro educativo se resolvían abrindo un parte disciplinario. Ante esta situación negativa de acoso, agresión ou falta de respecto, responderon atacando un 38%, non fixo nada un 28%, un 38% intentou falar para resolver o problema e o 48% manifesta que se sentiu triste e abatido ante esta situación. A persoa que tivera esa conduta negativa con eles era da súa clase nun 55%. Un 7% do alumnado recoñece que cometeu algún comportamento negativo cos seus compañeiros/as.

Como condutas positivas destacan: a súa satisfactoria integración no centro, o respecto aos horarios das clases, as axudas que se prestan entre eles, facer as tarefas que lles mandan.

Por outra banda, os distintos membros da comunidade educativa mostran un significativo descoñecemento dos protocolos, actuacións ou programas que se desenvolven no IES con relación ao tema da convivencia.



4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e todos os espazos do instituto sexan lugares de aprendizaxe, coidado e práctica da convivencia.
2. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
3. Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
4. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se
5. Potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
6. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
7. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)
8. Crear, formar e manter o programa de tutoría entre iguais no centro.
9. Establecer canles de difusión variados sobre as distintas actuacións relacionadas coa convivencia.



5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

5.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN.

1.1. Mellora das instalación do centro educativos

Obxectivos:

- Promover o coidado dos materiais e das instalacións do centro educativo.

Medidas:

- Impulsar campañas de limpeza e coidado do centro.
- Comunicar a importancia de respectar as instalacións escolares e outros elementos materiais.

1.2. Afondar no modelo de resolución pacífica de conflitos

Obxectivos:

- Mellorar o clima de convivencia, como factor fundamental para conseguir un rendemento académico satisfactorio.
- Promover a resolución pacífica de conflitos a través da utilización de estratexias de resolución dialogada.
- Favorecer a autorregulación dos alumnos e alumnas tanto a nivel de comportamento como nos procesos de aprendizaxe.
- Promover o coñecemento das normas da aula e do centro, así como o respecto ás mesmas.

Medidas:

- Crear espazos e programar actividades no recreo para facilitar a socialización dos alumnos e alumnas.
- Fomento dunha disciplina preventiva facendo explícitas as condutas positivas e concedendo premios ao alumnado que non teña partes de incidencias.
- Asegurar a vixilancia de todos os espazos e instalacións do centro, sobre todo, corredores e entradas e saídas.
- Creación dun grupo de mediación a partir do grupo TEI de 1º de ESO.
- Programar actividades con alumnos e alumnas de distintos niveis para que se interrelacionen entre eles.
- Incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- Traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción titorial. Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas do plan.



- Identificar nos agrupamentos do alumnado factores que poden condicionar a convivencia no instituto positiva ou negativamente.
- Crear grupos de traballo e figuras no centro para promover unha mellor convivencia (comisión de convivencia, grupos de mediación, tutoría entre iguais...)
- Posta en marcha dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.
- Establecer reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Transmisión na aula de mensaxes de acollida e de integración a todos os compañeiros nos xogos, nas distintas tarefas e actividades.
- Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.
- Aplicar programas específicos para o traballo de valores coma o respecto e a solidariedade, habilidades básicas de interacción social e hábitos e actitudes que fomenten a convivencia, dedicando tempo semanal a este tipo de programas.
- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente no campo das matemáticas, das ciencias, da filosofía, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

1.3. Publicidade dos documentos e accións relacionadas coa convivencia

Obxectivos:

- Aumentar o coñecemento por parte do profesorado, familias, persoal non docente e do alumnado sobre as distintas actuacións que se realizan no centro relacionado coa convivencia.
- Difundir entre a comunidade educativa todas as actuacións que en materia de convivencia se desenvolven no centro.
- Desenvolver accións explicativas das medidas correctoras positivas que toma o centro educativo.

Medidas:

- Elaborar orientacións e establecer programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
- Estimular a participación na escola de nais e pais.
- Pór en marcha distintos sistemas de comunicación: facebook, páxina web, correos electrónicos... onde se informe a todos os membros da comunidade educativa do plan de acollida, dos protocolos relacionados co absentismo escolar, co acoso escolar, coa actuación de axentes externos que actúan no centro en relación con este tema.
- Creación dun espazo dentro da páxina web do centro para difundir a información en materia de convivencia de interese para a comunidade educativa. Con este enlace preténdese tamén poñer a disposición dos docentes un banco de recursos, materiais e propostas didácticas que faciliten o traballo no instituto.
- Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia, as NOF, o PEC, o PAT, o PAD... (documentos relacionados).



- Entrega dun documento resumo do plan de convivencia aos distintos membros da comunidade educativa.
- Incluír na revista dixital do centro información sobre a elaboración, aplicación, actividades e contidos do plan de convivencia.
- Colocar na mesa da recepción das familias da conserxería un díptico informativo.

1.4. Eliminación de estereotipos sexistas, concienciación sobre o respecto á diversidade e sensibilización sobre a importancia da igualdade entre homes e mulleres

Obxectivos:

- Evitar calquera forma de discriminación por razón de sexo.
- Concienciar ao alumnado sobre o valor das tarefas domésticas e sobre a necesidade de que todos os compoñentes da familia participen delas.
- Conseguir que os alumnos e alumnas reflexionen sobre a existencia de estereotipos sexistas que poidan afectar na elección de estudos e profesións.
- Concienciar sobre a inclusión e integración da diversidade.

Medidas:

- Cuestionar e rexeitar os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos...)
- Dar a coñecer a contribución feita polas mulleres ao coñecemento humano no pasado e no presente no campo das matemáticas, das ciencias, da filosofía, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- Valorar a necesidade de fomentar por igual expectativas profesionais para homes e mulleres.
- Programar actividades para entender o que é o machismo e como corríxilo.
- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- Promover actividades encamiñadas a practicar a igualdade entre homes e mulleres e a informar sobre a violencia contra as mulleres.

5.2. PROGRAMAS, PERSOAS, ÓRGANOS RESPONSABLES E DESTINATARIOS

Actuación	Responsables	Destinatarios
TEI (Titoría entre iguais)	Titores de 1º e 3º da ESO Dpto de Orientación	Alumnado de 1º e 3º da ESO
Equipo de mediación	Titores/as Dpto de Orientación	Alumnado de ESO/BACH
Plan de acollida	Departamentos de Orientación do IES e centros adscritos Xefes de departamento do IES Equipo directivo	Alumnado de 6º de Primaria Familias Profesora de nova incorporación e/ou substituto
Programa de habilidades sociais	Titores/as Dpto de Orientación	Alumnado de ESO
Programa de normas e regras Dereitos e deberes	Titores/as Dpto de orientación	Alumnado de ESO/BACH
Tratamento dos temas transversais/ valores	Equipo docente Familias	Alumnado ESO/BACH
Xornada de xogos cooperativos	Dpto de Educación física Dpto de Orientación	Alumnado de 1º e 3º de ESO.
Educación para a igualdade Prevención violencia de xénero Uso adecuado das Tic	Titores/as Dpto de Orientación Familias	Alumnado de ESO/ Bacharelato Familias
Espazo web de convivencia	Equipo directivo Dpto de Orientación	Todos os membros da comunidade escolar
Revista dixital	Equipo de Dinamización Lingüística	Todos os membros da comunidade educativa
Escola de nais e pais	Persoal Mancomunidade do Val Miñor	Familias

5.3. PROTOCOLOS ESPECÍFICOS

5.3.1 Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

As actuacións seguirán a secuencia temporal que se describe de seguido.

1- Detectar e comunicar a situación

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso ou ciberacoso sobre algún alumno u alumna, comunicárao ao equipo directivo.

2- Primeiras actuacións

O equipo directivo recollerá a información para analizar e valorar a intervención que proceda e logo, porase en contacto, co titor ou titora do alumno ou alumna afectado para informarlle da situación.

Durante a intervención entrevistárase aos agresores, a vítima e os espectadores/observadores. Nestas entrevistas procurarase que o agresor ou agresora tome conciencia da situación da que está participando e valorárase as actitudes do agresor como do agredido para a solución do caso.

As entrevistas terán o seguinte guión:

- 1) Informarlles do asunto da entrevista.
- 2) Deixar que expresen os seus sentimentos, opinións e pensamentos.
- 3) Pedirlles suxestións para a resolución do conflito.

En concreto as preguntas serán as seguintes:

- a) Gustaríame falar contigo porque teño entendido que estiveches meténdote con?
- b) Que sabes disto?
- c) Que suxires , que poderías facer TI para axudar a superar este problema?

En función das conversas, adiántaselle a posibilidade dunha reunión final conxunta coa “víctima” co obxectivo de combater en común o conflito e o de afianzar compromisos.

3- Medidas

1. Aumentar a vixilancia do profesorado e persoal do centro durante os descansos, recreos, baños, entradas e saídas do centro.
2. Avisar telefonicamente ás familias da vítima/s, e do acosador/es.
3. Explicarlle ao alumnado acosado ás medidas que imos tomar para darlle tranquilidade.
4. En caso de ciberacosos, indicar ao alumno/a, que non fagan desaparecer as probas físicas que teña.
5. Indicarlle ao alumno ou alumna acosado que comunique calquera insulto, ofensa ou agresión que reciba durante a instrución do caso.
6. Unha vez oído o alumno ou alumna acosador e analizada a situación, a dirección do centro aplicará outras medidas que considere necesarias seguindo o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Xunta de Galicia de outubro de 2015.

7. En función da análise da situación e da súa gravidade, o equipo directivo acordará as medidas que cómpre adoptar de acordo coas normas de organización e funcionamento do centro e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que corresponde ao seu incumprimento.

4- Comunicación ás familias e/ou representantes legais de todos os implicados


A dirección do centro informará ás familias dos alumnos e alumnas implicados no conflito das medidas e actuacións de carácter individual, así como as medidas de carácter organizativo, preventivo ou de corrección propostas para o grupo, nivel ou centro educativo.

Segundo a gravidade do caso a dirección do centro comunicará á familia da vítima a conveniencia ou non de realizar unha denuncia perante a Garda Civil.

Segundo a valoración do caso a dirección do centro comunicará aos servizos sociais do Concello de Nigrán a situación do menor ou menores.

5- Creación dun arquivo dos casos detectados

O seguinte diagrama visualiza todo protocolo de actuación nestes casos.




5.3.2. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar á dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza co menor e cos seus representantes legais onde se abordará a situación percibida, poñéndose a disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagóxico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e cos seus representantes legais, se os tivese, coa xefatura do departamento de orientación e co/coa titor/a do alumno ou da alumna. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.

Unha vez establecidas estas medidas, daráselles traslado das mesmas do seguinte xeito:

- A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
- En reunión de claustro comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten ao total de docentes do centro.
- A secretaria do centro, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.




5.3.3 Protocolo de alerta escolar

Alerta Escolar é un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todas as nenas e nenos escolarizados entre os 0 e os 16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital:

- Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición alérxenos, normalmente alimentarios.
- Crises comiciais (epilepsia en todas as súas formas).
- Crises diabéticas (en xeral, por hipoglicemia).

Todos os alumnos e alumnas con enfermidade crónica, contan un plan de atención individualizado **visible na sala de Profesores, entrando a man dereita, na columna que está entre os casilleiros dos profesores e profesoras**, integrado por unha ficha con fotografía, protocolo de emerxencia (sinais de alarma e actuación) e teléfonos de referencia.

Ao final deste documento, e como Anexo móstrase un modelo do dito informe. Para máis información consultar as páxinas específicas da Consellería de Educación: [Protocolo de consenso sobre TDAH](#) , [Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo \(TEA\)](#), [Protocolo de Atención educativa domiciliaria](#) , [Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica](#), [Addenda de Diabete](#), [Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#) .



5.3.4 Protocolo da aula de convivencia inclusiva

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

Esta aula de Convivencia inclusiva terá un lugar específico, ou no seu defecto, se utilizara un espazo que en último caso poderá ser de dirección ou xefatura de estudos. O profesorado que atenderá educativamente ao alumnado expulsado será o profesor de garda, ou eventualmente o o director e o xefe de estudos.

En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

O alumno e alumna sempre terá a súa disposición:

1. material xeral de traballo das distintas disciplinas que elaborará cada departamento didáctico e entregara ao comezo de curso como parte integrante da súa Programación didáctica
2. material específico dos contidos que nese momento se traballen na clase
3. material do Departamento de Orientación (programa de habilidades sociais) encamiñado a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva.

O horario de funcionamento da aula inclusiva é o horario xeral do centro.

5.3.5 Protocolo ante un comportamento disruptivo na clase

Cando un alumno ou alumna teña unha conduta contraria á convivencia relacionado coa perturbación da convivencia escolar; coa relación co profesorado, co persoal do centro, cos compañeiros e compañeiras; cos materiais e instalacións do centro o con outro tipo de comportamento inadecuado abríraselle un parte de incidencias cualificando o comportamento. Ao mesmo tempo, marcáraselle nese parte o traballo que debe realizar fóra da aula. O alumno ou alumna sancionado acudira acompañado do delegado ou delegada co parte que llo entregara ao profesor ou profesora de garda. Esta persoa archiva dito parte na carpeta da aula correspondente situado na sala de profesores e profesoras. O Profesor/a Titor/a analizará periodicamente o cartafol de partes e tomará as decisións que crea necesarias.

5.3.6 Protocolo de protección de datos

Entre estes **datos de especial protección** inclúense:

- Os que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas.
- Os que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual.
- Os relativos a infraccións penais ou administrativas.

Algúns dos datos manexados habitualmente nos contornos educativos que deben ser obxecto desta especial protección son:

- Datos referentes á saúde do alumnado (intolerancias alimenticias, alerxias, problemas de saúde, datos psicolóxicos contidos no informe psicopedagóxico etc).
- Datos relativos ao grao de minusvalía do alumnado ou dalgún dos proxenitores, datos relativos á orixe racial etc.


É importante manter os seguintes principios xerais:

1. Non poderá recadarse do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros da unidade familiar.

2. Está expresamente prohibido recadar do alumnado datos sobre a situación laboral (por exemplo, a profesión) dos proxenitores.
3. Ambos proxenitores, en tanto non se atopen xudicialmente privados da patria potestade, teñen dereito a recibir información sobre o proceso educativo do seu fillo ou filla.
4. Os /as titores/as tan só transmitirán ao equipo docente aquela información necesaria para o exercicio da docencia no seu ámbito de traballo.

5.3.7 Protocolo de absentismo

Esquematízase a continuación como actuar en casos de absentismos segundo se indica no protocolo da Consellería de Educación de loita contra o absentismo escolar.



6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As Normas de convivencia do centro quedan resumidas no seguintes cadros nos que tipifican as condutas negativas para a convivencia segundo unha clasificación A, B, C, D, E que levan aparelladas diferentes sancións.

- | | |
|---------------|--|
| Tipo A | A1. Berrar ou falar con volume non apropiado.
A1. Non traer o material necesario, deberes ou a roupa de Educación Física.
A1. Dedicarse a tarefas alleas á clase.
A1. Chegar con atraso.
A1. Permanecer no interior do centro coa cabeza cuberta (gorras, capuchas...).
A2. Tirar lixo ao chan.
A2. Estar nun grupo no que hai lixo tirado no chan.
A3. Perturbar o desenvolvemento das clases.
A3. Perturbar a orde nos cambios de clase ou recreos.
A4. Dirixirse de maneira insolente ou maleducada aos compañeiros.
A4. Molestar fisicamente.
A4. Ofender verbalmente ou con accións.
A4. Usar sen permiso obxectos dos compañeiros.
A4. Acceder ou permanecer en espazos non permitidos.
A4. Faltar de forma inxustificada. |
|---------------|--|

- | | |
|---------------|--|
| Tipo B | B. Ensuciar ou deteriorar obxectos dos compañeiros.
B. Uso ou tenencia acendido de móbil, mp3 ou outros aparellos electrónicos. (*).
B. Abandonar ou intentar abandonar a clase sen permiso.
B. Expulsado de clase, non presentarse ante a Dirección ou Xefatura de Estudos.
B. Participar en pelexas.
B. Proferir ameazas. |
|---------------|--|

- | | |
|---------------|--|
| Tipo C | C. Dirixirse de maneira insolente ou maleducada aos profesores/persoal do centro.
C. Realizar actos obscenos.
C. Falta de respecto ao profesorado ou persoal do centro.
C. Agredir fisicamente.
C. Abandonar ou intentar abandonar o centro sen permiso
C. Usar con negligencia ou maltratar as instalacións ou material do centro. |
|---------------|--|

- | | |
|---------------|---|
| Tipo D | D1. Furtar material do centro.
D1. Furtar obxectos dos compañeiro
D1. Negarse a entregar calquera cousa que sexa requirida.
D1. Ignorar as indicacións do profesorado ou do persoal do centro.
D2. Fumar nos espazos do centro.
D2. Permanecer nun grupo no que se está a fumar.
D2. Enganos en xustificantes e outros documentos.
D2. Ignorar as indicacións do equipo directivo do centro. |
|---------------|---|

Tipo E. Introducir substancias non permitidas/tabaco en caso de menores de 18 anos.
E E. Consumo de substancias ilegais

Negarse a colaborar ou mentir no esclarecemento de condutas contrarias á convivencia.
Comportamento inadecuado en actividades extraescolares ou complementarias

Tipo conduta	1ª vez	3ª vez	5ª vez	7ª vez ou sucesivas
A1	Realización de Traballos para a Comunidade (RTC)			Dirección 1 día
A2	RTC	RTC	Dirección 1 día	Dirección e RTC
A3	1 Recreo	3 Recreos	Dirección 1 día	Expulsión
A4	3 Recreos	Dirección 1 día	Expulsión	Expediente
B	Dirección 1 día	Dirección 3 días	Expulsión	Expediente
C	Dirección 3 días	Expulsión	Expediente	
D1	Expulsión 1 día	Expulsión 3 días	Expediente	
D2	Expulsión 3 días	Expediente		
E	Expediente			

Todo o que non se recolle no apartado anterior vira determinado pola seguinte tipoloxía de condutas e sancións.

A. Condutas contrarias á normal convivencia no centro.

1. Son **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** as que se enumeran a continuación

- 1.1. As agresións físicas ou psíquicas, as inurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- 1.2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- 1.3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.



- 1.4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- 1.5. As actuacións que constitúan acoso escolar. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
- 1.6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- 1.7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- 1.8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- 1.9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- 1.10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- 1.11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- 1.12. O incumprimento das sancións impostas.

2. Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- 2.1. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado 1.1, os actos de discriminación do apartado 1.2, os actos de indisciplina do apartado 1.3, os danos do apartado 1.7, os actos inxustificados do apartado 1.8 e as actuacións prexudiciais descritas no apartado 1.9 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- 2.2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- 2.3. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- 2.4. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- 2.5. As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

B. Procedementos Correctores



1. As **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- 1.1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- 1.2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- 1.3. Cambio de grupo.
- 1.4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- 1.5. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- 1.6. Cambio de centro.

2. As **condutas leves** contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación.

- 2.1. Amoestación privada ou por escrito.
- 2.2. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- 2.3. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- 2.4. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- 2.5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- 2.6. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- 2.7. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- 2.8. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.



7. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

7.1. Consello Escolar

7.2. Asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas e asociacións de alumnos e alumnas.

Estas asociacións poderán:

- (a) Elevar propostas ó Consello Escolar para a elaboración do proxecto educativo e ó equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- (b) Informar ó Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do instituto que consideren oportuno.
- (c) Informar ós asociados da súa actividade.
- (d) Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.
- (e) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- (f) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior.
- (g) Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.
- (h) Coñecer los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- (i) Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.
- (j) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- (k) Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- (l) Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar e a lexislación vixente.

7.3. Xunta de Delegados/as de Alumnado

Son funcións da Xunta de Delegados/as as seguintes:

- (a) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- (b) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- (c) Informar os representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- (d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.



- (e) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- (f) Informar os alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- (g) Formularlles propostas ós xefes de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares para a súa organización.
- (h) Debater os asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

- (a) Celebración de probas e exames.
- (b) Establecemento e desenvolvemento de actividade
- (c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- (d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos e alumnas.
- (e) Proposta de sancións ós alumnos e alumnas pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.
- (f) Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- (g) Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas.

7.4. Delegados/as de Grupo

Nas primeiras semanas de Curso e organizada polo Titor/a de cada grupo se procederá á elección do Delegado/ e Subdelegado/a de cada grupo.

Son funcións do Delegado/a:

- (a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- (b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- (c) Fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- (d) Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- (e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

Son funcións do Subdelegado/a:

- (a) Acompañar ao Delegado/a no exercicio das súas funcións
- (b) Substituír ao Delegado/a cando este non poda realizar as súas funcións.

Os delegados/as e subdelegados/as non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos, nos termos establecidos pola normativa vixente.

8. DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

8.1. Dereitos.

8.1.1. Das Familias.

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos **seguintes dereitos de convivencia e participación**:

- (a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- (b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- (c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- (d) A ser oídos, , nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- (e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

8.1.2. Do Alumnado

Recoñécenselle ao **alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar**:

- (a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- (b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- (c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- (d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.
- (e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
- (f) Legal e tecnicamente o alumnado non ten dereito á folga, reservado aos traballadores, senón unicamente dereito de reunión. As decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da ESO con respecto á asistencia a clase non terán consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.

8.1.3. Do profesorado

dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- (a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- (b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- (c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- (d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- (e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- (f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.
- (g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

8.1.4. Do Persoal non docente.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- (a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- (b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- (c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- (d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- (e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.

8.2. Deberes.

8.2.1. Das Familias.

As nais e pais ou as titoras ou titores, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- (a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

- (b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- (c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- (d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

8.2.2. Do Alumnado.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- (a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- (b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- (c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- (d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- (e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- (f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- (g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- (h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

8.2.3. Do Profesorado.

Son deberes do profesorado:

- (a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- (b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- (c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- (d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- (e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

8.2.4. Do Persoal non docente.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:



- (a) Respeitar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- (b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- (c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- (d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.



9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A Comisión de Convivencia do centro constituirase no seo da Comunidade educativa e estará presidida pola persoa titular da dirección do centro. Terá a seguinte composición:

- Representantes do alumnado.
- Representantes do profesorado.
- Representantes das familias.
- Representantes do persoal de administración e servizos.

As reunións da dita Comisión serán:

- Ordinarias: tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada por:
 - A súa presidencia por iniciativa propia.
 - Proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.



10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMO DO CONTORNO NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Nas reunións dos titores e das titoras co orientador coordináranse as medidas para o tratamento da convivencia. Do mesmo xeito, nas reunións de avaliación e na avaliación inicial estableceranse as medidas de prevención que se deben tomar con determinados grupos de alumnos e alumnas.

Ao alumnado que ingresa no mes de setembro, ademais da xornada de acollida terá un titor ou titora de terceiro da ESO dentro do programa titoría entre iguais cuxa finalidade nese mes será que o seu titorando se integre no instituto o máis rápido posible. Ao alumnado que se incorpora ao longo do curso, terá unha entrevista co orientador que lle explicara o funcionamento do centro, logo nomearase un encargado/a para que lle axude a integrarse na aula e no centro.

O centro educativo manterá diferentes tipos de relacións e acordos cos sectores institucionais e sociais do contorno. En concreto, relacionados co plan de convivencia destacamos:

- o centro de información da muller (CIM) para coordinarse en relación con actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das súas manifestacións.
- centro de educación especial Juan María: para traballar, sobre todo, aspectos relacionados coa diversidade funcional.

A colaboración cos centros adscritos realizaranse, fundamentalmente a través das reunións entre os xefes dos departamentos de orientación.

Por outra banda, os profesores titores, o orientador, membros do equipo directivo ou calquera profesor do centro manterá reunións periódicas coas familias. Unha das finalidades desas entrevistas será proporcionar información sobre a adaptación persoal do seu fillo ou filla e potenciar a colaboración e cooperación das familias no clima de convivencia no centro.



11. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantizará esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- Consello escolar.
- Tutorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Inclusión na revista e na páxina web do centro.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (tutorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).



12. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Facilitarase o plan de convivencia, a comezo de curso aos profesores recién ingresados no centro. Os titores e titoras explicarán, ao comezo do curso, o plan de convivencia aos alumnos e alumnas, sobre todo, o relacionado cos seus dereitos e deberes e as normas do centro.

Ás familias, na primeira reunión xeral, comentáraselle os aspectos máis relevantes do mesmo. Cando se produza o período de matriculación informarase o enlace da páxina web onde poden atopar este documento.

Ao longo do curso a comisión de convivencia fará un seguimento do plan e , se é necesario, sinalará as modificacións ou correccións que se desexan introducir no mesmo.

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Por parte dos departamentos didácticos, do claustro, da xunta de delegados, do persoal non docente ou da asociación de nais e pais poderán realizar propostas de mellora do mesmo.

A comisión de convivencia realizará unha avaliación final da aplicación do plan para realizar propostas de mellora, se é necesario.